

Boas intencións pero poucas accións

O día 21 tivemos unha xuntanza do Grupo de Traballo de Formación dependente da Mesa Delegada de Seguridade Social, co fin de iniciar un camiño común entre todas as Entidades e Servizos Comúns.

Toma a palabra o Ministerio, explica a proposta de consenso a que chegaron as Entidades e que nos remitiran nos días previos, esta basease en catro puntos que de xeito resumido son os seguintes:

- Homoxeneización dos contidos e dos cursos comúns e que se impartan por todas as Entidades.
- Establecemento de criterios iguais para selección de cursos do INAP definíndose do mesmo xeito nas distintas Comisións de Formación de cada Entidade.
- Aplicación de penalizacións a aquelas persoas seleccionadas que, de xeito inxustificadamente, non acudan aos cursos de formación para os que foron seleccionados.
- Creación dunha Bolsa de formadores, comúns a todas as Entidades, que sería xestionada ou coordinada polo Ministerio.

Pola parte da **CIG**, dixémoslle que como punto de partida non tiñamos nada que obxectar, pero claro, todo dependerá do desenrolo que se lle dea a isto, e moito nos tememos que non pase unha vez máis de ser unha declaración de intencións, xa que despois de varios acordos, de dúas xuntanzas (contando esta) dende o derradeiro acordo firmado, resulta que agora en vez de ter algo avanzado, estamos no mesmo punto do ano 2018.

Non só non avanzamos nada, senón que incluso botamos en falta neste punto de partida de asuntos importantes como son:

- Escola de Formación (nada se sabe dela).
- Compensación horaria, entendemos que ten que ser a mesma en todas as Localidades e en todas as Entidades, e neste intre isto non esta sendo así.
- Actualización das dietas de desprazamento. Cos importes actuais é practicamente imposible poder aloxarse na maioría das cidades, o que fai que moitos compañeiros/as renuncian a formación cando teñen que desprazarse fora do seu lugar de residencia.

- Que pasa coa vinculación da formación a promoción e carreira profesional, a día de hoxe unicamente o INSS e a XISS, teñen o seu plan de formación enfocado a vinculación dos postos.

Para rematar a nosa intervención, dende a **CIG** manifestamos que isto o que nos recorda é o día da marmota, acá pasan os anos e as xuntanzas e seguimos no mesmo punto sempre, que xa ía sendo hora deixar de perder o tempo.

Como conclusión, a Administración quedou en darlle unha volta o que se lle dixo pola parte social e desenrolar as súas propostas antes da vindeira xuntanza.

Tamén informóusenos de que non tardando moito empezaran coa formación da promoción interna, que este ano estará aberta tamén os que se presenten pola quenda libre.

Seguiremos informando...